

9.- AVALIACIÓN

9.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

- Proba de avaliación inicial ao principio de curso.
- Proba de avaliación correspondente a cada unidade.
- Seguimento da avaliación continua do alumno.
- Observación do traballo do alumno e análise das súas producións (traballo, caderno, murais).
- Observación do comportamento, esforzo e atención.

9.2 Criterios de cualificación

Establecerase a seguinte porcentaxe:

Cursos	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
Relixión Católica De 1º EP a 6ºEP	<ul style="list-style-type: none">▪ Avaliación inicial o principio de curso para detectar coñecementos previos que o alumno ten e poder traballar a partir destes coñecementos.▪ Observación sistemática e incidental.▪ Análise das producións do alumno (traballo diario, murais, cadernos traballo...)▪ Fichas de seguimento.	70%	<u>Consecución de obxectivos e contidos</u> establecidos na programación.
	<ul style="list-style-type: none">▪ Diario de clase.▪ Rexistros anecdóticos.▪ Cuestionarios abertos, pechados e mixtos.▪ Listas de control.	20%	<u>Interese/Esforzo:</u> <ul style="list-style-type: none">❑ Valoración do traballo diario.❑ Realización dos exercicios.❑ Respostas orais.❑ Tarefas.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observacións de condutas en xogos, grupos, debates, saídas. ▪ Entrevista individual e grupal. ▪ Conversacións, autoavaliacións. 	10%	<u>Hábitos educativos:</u> <ul style="list-style-type: none"> ❑ Traballo persoal. ❑ Traballo en grupo. ❑ Conduta persoal. ❑ Relacións interpersoais.
--	---	-----	--

9.3 Criterios de promoción.

O alumno/a accederá ao curso ou etapa seguinte tendo en conta os seguintes criterios:

- Logrou os obxectivos que corresponden ao curso ou á etapa e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente a consideración á información ou criterio do profesor-titor.
- Considerarase de suma importancia un mínimo grao de consecución das competencias matemática e de comunicación lingüística; sempre tendo en conta as características madurativas e específicas do alumnado e as medidas adoptadas cos mesmos durante o curso

10.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PRESENTE EN TODAS AS VARIABLES

Coma neste Centro contamos só con unha aula por curso, atopamos diferentes niveis dentro da mesma clase. Ademais contamos con un número elevado de alumnos estranxeiros que nunca tiveron contacto coa lingua inglesa, e que ou non entenden o castelán por ser de orixe brasileira ou non entenden o galego por vir de países coma Cuba, Arxentina, Chile,...

As medidas de atención a diversidade teñen que tomarse neste caso dentro da propia aula de varios xeitos:

- Adaptando os contidos para que a aprendizaxe sexa progresiva e non se atopen de golpe cun muro infranqueable.
- Adaptando os exercicios e fichas de modo que poda ter o enunciado no idioma que entendan.
- Facendo exercicios de fichas de reforzo e repaso.

Ademais, adoptaranse organizacións flexibles dentro da aula, practicando estratexias inter e intragrupais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.